



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

17 de maio. Día das Letras Galegas 2024



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL
SEPE

17 de maio. Día das Letras Galegas 2024

Dende a primeira edición (1963), ano no que se escolleu a Rosalía de Castro, ata 2023, só cinco mulleres foran homenaxeadas: Francisa Herrera Garrido (1987), María Mariño (2007), María Victoria Moreno Márquez (2018), Xela Arias (2021).

Sesenta anos despois, temos, en 2024, a sexta: **Luisa Villata Gómez** (1957-2004), coruñesa escritora, filóloga, profesora e violinista. Deixounos moi nova. Con só 46 anos levouna unha meninxite fulminante, mentres durmía. Descansa na cidade que amaba, con vistas ao mar que quería, no cemiterio de Santo Amaro.

Como escritora, tocou novela, teatro, poesía e ensaio.

Como persoa, foi coñecida pola súa entrega desinteresada ao activismo cultural. E como intelectual cabe destacar a súa constante participación coa *Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega*, e tamén en debates, mesas redondas, recitais poéticos e actos e pronunciamentos públicos en favor da defensa e consolidación da lingua e a cultura galega como expresión xenuína de Galiza.

Dende o Gabinete de Igualdade da CEG queremos sinalar tamén a súa aportación nos debates do pensamento feminista na revista *“Festa da palabra silenciada”*, na que figuran dous artigos de Luisa Villalta nos que seica condensa o seu pensamento respecto ao feminismo:

- *“Mulleres si, pero”*: no que explicaba que *“faga o que faga algo me lembra sempre que son unha muller”* e remata apelando á *“inmensidade do espazo que temos para voar”*.
- *“Por que os homes non nos len?”*: no que advertía sobre o que denomina *“encerronas do feminismo”* e apuntaba: *“O feminismo ten un campo de análise e actuación renovado na medida en que parte da súa mensaxe está a ser reutilizada como un novo medio de aclimatar unha nova feminidade, isto é, mudar o necesario para que nada mude”*.
En resumo, animaba e instaba ás mulleres a que non se conformen, a que seguiran traballando polos seus dereitos.

Luisa, que saibas que se está facendo. Que se sigue avanzando...

FELIZ DÍA DAS LETRAS GALEGAS!